

EXPEDIENTE: 2023/E001/000003

ASUNTO: CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE PERSOAL PARA FORMACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO PARA PROSPECTORES/AS DE EMPREGO PARA PROGRAMAS INTEGRADOS DE EMPREGO DO CONCELLO DE DODRO

TRÁMITE: RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA PARA A DEROGACIÓN EXPRESA DA BOLSA DE EMPREGO PARA PROSPECTORES/AS DE EMPREGO CREADA POLA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚMERO 176/2023 DO 08/05/2023

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 176/2023 do 08/05/2023 aprobouse a formación dunha bolsa de emprego para o posto de prospector/a de emprego para Programas Integrados de Emprego do Concello de Dodro, cuxa selección foi regulada polas Bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local Extraordinaria do 06/02/2023 (BOP núm. 31, de 14 de febreiro de 2023), corrixiadas pola Resolución da Alcaldía 61/2023 do 15 de febreiro de 2024 (BOP núm. 38, de 24 de febreiro de 2023).

A efectos da execución do Programa Integrado de Emprego 2022-2023 concedido a este concello por Resolución da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade de data 15/11/2022, foi preciso contratar un/unha prospector/a de emprego para o que se utilizou a citada bolsa de emprego.

A efectos da execución do Programa Integrado de Emprego 2023-2024 concedido a este concello por Resolución da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade de data 14/11/2023, foi preciso contratar un/unha prospector/a de emprego para o que se utilizou a citada bolsa de emprego.

A efectos da execución do Programa Integrado de Emprego 2024-2025 concedido a este concello por Resolución da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración de data 30/09/2024, foi preciso contratar un/unha prospector/a de emprego para o que se utilizou a citada bolsa de emprego, se ben non se conseguiu cubrir as necesidades de persoal ao longo do período.

Pretendendo a derogación da citada bolsa debido á súa baixa eficacia por falta de dispoñibilidade dos/as candidatos/as non conseguíndose cubrir algunhas das necesidades de persoal ao longo de todo o período de execución do Programa Integrado de Emprego 2024-2025.

Logo de ver que este concello continuará a participar nas convocatorias da Xunta de Galicia relativas aos programas integrados de emprego, considérase xustificada a necesidade da formación de nova bolsa de emprego, de duración determinada pero prolongada no tempo, que permita contar de xeito áxil con persoas adecuadas para o desenvolvemento das funcións de correspondentes do Programa Integrado de Emprego cando se precisen.

Considerada a necesidade de realizar un novo procedemento de selección de persoal para a formación dunha bolsa de técnicos/as de orientación laboral/prospección de emprego para os Programas Integrados de Emprego,

mediante Resolución da Alcaldía núm. 598/2025 do 10/11/2025, aprobáronse as bases do proceso de selección así como a convocatoria.

Tramitado o procedemento, cómpre aprobar a relación de persoas candidatas que superaron o proceso de selección e a súa orde de prelación aos efectos de formación de bolsa de emprego de técnicos/as de orientación laboral/prospección de emprego do Programa Integrado de Emprego do Concello de Dodro, que se realiza pola Resolución da Alcaldía núm. 3/2026 do 08/01/2026, e cómpre derogar expresamente a bolsa de emprego creada por Resolución da Alcaldía núm. 176/2023 do 08/05/2023.

Considerando que a base undécima das que regularon o proceso e que foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local Extraordinaria do 06/02/2023 (BOP núm. 31, de 14 de febreiro de 2023), corrixidas pola Resolución da Alcaldía 61/2023 do 15 de febreiro de 2024 (BOP núm. 38, de 24 de febreiro de 2023), recolle que:

“8.- A bolsa de traballo extinguirase unha vez que transcorreran tres anos a contar desde a data da Resolución da Alcaldía que aprobou a relación e orde de prelación dos integrantes dela, ou por derrogación expresa por Resolución da Alcaldía, sen prexuízo da posibilidade de prórroga, por un ano máis, a cal deberá ser acordada por Resolución de Alcaldía antes de finalizar o período inicial de duración da bolsa.”

En uso das facultades conferidas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

RESOLVO:

Primeiro.- Derogar expresamente a bolsa de emprego para o posto de prospector/a de emprego para Programas Integrados de Emprego, creada mediante Resolución da Alcaldía núm. 176/2023 do 08/05/2023.

Segundo.- Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

Terceiro.- Dar conta ao Pleno, de acordo co disposto no artigo 42 do ROFREL. .

*Dodro, documento asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís
A secretaria-interventora, que da fe*